

BANDO

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

RESERVA DE PRAZAS CURSO 2013/2014

Informase aos veciños e veciñas que **o prazo de preinscrición** na Escola Infantil Municipal –Gardería- para a reserva de praza dos alumnos/as e a solicitude de novas prazas de cara ao vindeiro curso escolar 2013/2014 –a partir de setembro- estará **aberto do 1 ao 15 de abril**,

A EIM ten un horario de 8 da mañá a 8 da tarde de luns a venres, tódolos meses do ano, está situada na Rúa Avelino Pousa Antelo, en fronte do CPI “Infesta” e conta cunhas modernas instalacións e equipamentos, e o seu persoal proporciona aos nenos e nenas que acoden a ela as atencións e coidados necesarios para promover o seu desenvolvemento harmónico e integral. Conta co Servizo de Comedor, no que os nenos e nenas teñen ao seu dispor unha dieta san e equilibrada, axeitada a cada idade.

Para acceder á EIM é requisito que os nenos/as teñan entre 3 meses e 3 anos de idade e que abonen as taxas que lles correspondan, tendo preferencia os e as domiciliados en Pontecesures.

As **solicitudes de reserva** de praza para **nenos e nenas que xa acoden á EIM presentaranse directamente na Escola Infantil Municipal** (Tel. 986557623).

Para máis Información e **presentación de solicitudes de preinscrición para alumnos/as novos/as** poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os luns, martes e venres de 9 a 13:30 horas.

Pontecesures, 26 de marzo de 2013

O ALCALDE ACCTAL.,

Ángel Souto Cordo



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES